



.....

Xornada

A cuestión enerxética en Galicia: entre economía, territorio e sociedade

.....

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
5 e 6 de xuño de 2024



O noso sistema enerxético actual está en crise. A dependencia dos combustibles fósiles que están a esgotarse e a evidencia do cambio climático fan urxente unha transición enerxética cara a outros modelos máis diversificados en canto ás fontes e máis eficientes en canto aos usos. As enerxías renovables semellan ser o futuro desta transición enerxética e as tecnoloxías que permiten obtelas lévanse desenvolvido moito nas últimas décadas. Non obstante, o modelo de implantación destas enerxías renovables non é indiferente para o resultado que se queira acadar, e Galicia é o paradigma. De feito, o modelo de implantación das enerxías solar e eólica en España difire notablemente dos modelos do norte de Europa, especialmente no caso da eólica. En concreto en Galicia, esta implantación está provocando unha forte controversia social ao sentir que, fronte á necesidade da produción eólica, outros valores existentes no territorio quedan desprezados e mesmo destruídos polo modelo elixido. A estes aspectos súmase, asemade, a confrontación das normativas que entran en conflito en diferentes eidos. Polo tanto, é necesario pensar un modelo enerxético que teña en conta unha realidade poliédrica.

Nas xornadas sobre a cuestión enerxética pretendemos reflexionar sobre os impactos económicos, sociais, patrimoniais e ambientais que ten o modelo de transición enerxética que se está apuntalando. Procuramos facilitar unha reflexión serena ao redor dos conflitos que a provisión de diferentes servizos ecosistémicos presentes no territorio provoca coa crise enerxética no centro da cuestión.

Programa

5 DE XUÑO

10:00 horas
Inauguración

10:30 horas
Situando a problemática da cuestión enerxética
Coordina: Sección de Pensamento (CCG)

10:30 horas
A crise enerxética, a crise ecosocial e o papel das enerxías renovables
Rosa Regueiro, Universidade de Santiago de Compostela
Presenta: **Ana Isabel García**, Sección de Pensamento

11:30 horas. Pausa

12:00 horas
Políticas de transición enerxética: aproximación económica
Xavier Labandeira, ECOBAS-Universidade de Vigo
Presenta: **Xoán Antón Pérez Lema**, Sección de Pensamento

13:00 horas
Debate

16:30 horas
Mesa redonda
O modelo enerxético en Galicia 1: os seus aspectos socioeconómicos
Coordina: Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade (CCG)
Modera: **María Luz Loureiro García**, Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade

- **Fernando de Llano Paz**, doutor en Economía pola Universidade da Coruña (UDC) e profesor e investigador do Departamento de Empresa da UDC
- **Francisco da Silva**, CIG e Colectivo Bidán
- **Eru Louro**, presidenta da Comunidade de Montes en Man Común de Antas-A Lama e coordinadora da oposición ao proxecto eólico do Monte Peón
- **Xavier Simón**, Universidade de Vigo, Observatorio Eólico de Galicia (OEGA) e Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC)

6 DE XUÑO

10:00 horas
Mesa redonda
O modelo enerxético en Galicia 2: os seus impactos socioculturais e socioambientais
Coordina: Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)
Modera: **Teresa Nieto**, Sección de Patrimonio e Bens Culturais

- **Carlos Amoedo Souto**, catedrático de Dereito Administrativo e director da Cátedra de Dereito Local da Universidade da Coruña
- **David Barreiro**, Instituto de Ciencias do Patrimonio-CSIC
- **Belén Rodríguez Fernández**, secretaria executiva da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)
- **Inés Santé Riveira**, profesora titular da USC

Organizan

Consello da Cultura Galega
Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade (CCG)
Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)
Sección de Pensamento (CCG)

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscripción

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado.
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:

